

MULLERES
CON CIENCIA



ELENA VÁZQUEZ CENDÓN

PREMIO
MARÍA WONENBURGER
2022

Elena Vázquez Cendón nace en Ourense no ano 1966. É licenciada e doutora en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela e, desde o ano 2017, decana da facultade de Matemáticas da USC.

Elena compaxina a docencia coa investigación, na que destacan os seus estudos sobre os métodos numéricos en dinámica de fluídos, que teñen unha grande aplicación práctica, coma por exemplo no estudo das correntes das nosas rías ou na circulación do sangue.

Ademais de todo este labor docente e investigador, é unha grande activista pola igualdade, forma parte de multitude de proxectos divulgativos e preside o Estalmat - Galicia, que ten por obxectivo estimular a rapazada no estudo das matemáticas e da ciencia.

Elena é autora de máis de 65 artigos, mentora e directora de tese e investigadora principal de diversos proxectos de investigación. É ademais membro do Consello da Cultura Galega e no ano 2022 recibiu o premio María Wonenburger, que reconece o labor das mulleres científicas galegas.

ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022

Nun artigo publicado en *El Correo Gallego*, Elena Vázquez Cendón fala da importancia da busca de espellos como referentes para a vida das persoas.

Pensa sobre isto e atopa 3 mulleres que usen as matemáticas e poidan ser o espello no que reflectirte.

No mesmo artigo Elena reflexiona sobre o feito de que eses espellos poden estar preto de nós, na nosa vida cotiá.


Agora busca na túa mente algún espello ou referente próximo que influíse en ti. Por exemplo, para min un referente foi miña nai, que me ensinou a traballar con liberdade e honestidade e que nunca interferiu nas miñas decisións á hora de escoller profesión.

ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022



Durante unha entrevista, Elena Vázquez Cendón pon de manifesto o feito de que durante a pandemia todos descubrimos a importancia da linguaxe matemática, falando de picos de incidencia, decrecemento, ondas, vales... Grazas a estes conceptos podiamos predicir cuestións tan importantes coma cando os hospitais ían ter un alto grao de ocupación.

Se cadra agora podemos pensar na utilidade que teñen as Matemáticas.



IDENTIFICA na gráfica os puntos máis altos e máis baixos, e onde crece e decrece máis rápido a evolución.

ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022

Hai unha curiosidade na personalidade de Elena Vázquez Cendón: gústalle dividir as palabras para multiplicar o seu significado. Por exemplo dividimos 8-M e obtemos o M de muller, e o 8 acada un valor infinito ao deitarse co peso de todas as achegas de mulleres coñecidas e de mulleres que foron tapadas pola sombra doutras persoas.

ATOPA INFORMACIÓN sobre o 8 de Marzo. Cal é a súa orixe? Como variou o seu significado ao longo do tempo?

Divide e multiplica outras datas importantes na vida de Elena Vázquez Cendón:

O 11-F no que conmemoramos o Día da Muller e a Nena na Ciencia.

O 14-M no que se celebra o Día Mundial das Matemáticas.

ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022

Elena Vázquez Cendón dá moitas charlas en institutos e colexios para achegar as matemáticas á rapazada co obxectivo de difundir a súa utilidade na sociedade.

Diversas investigacións levadas a cabo ó longo da historia foron realizadas por mulleres; mulleres que moitas veces non tiveron o recoñecemento merecido polo feito de selo.

ATOPA INFORMACIÓN sobre Ada Lovelace, María Wonenburger e Katherine Johnson, e as investigacións que realizaron no eido das matemáticas.



ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022

O lema do ano 2021 no Día Mundial das Matemáticas foi:

“Matemáticas para un mundo mellor”.

Que quere dicir esta frase? Recolle unha serie de exemplos nos que as matemáticas melloren a nosa sociedade.

Nós, desde a Secretaría Xeral da Igualdade, pensamos que un bo lema podería ser:

“Igualdade para un mundo mellor”.

Que opinas? Estás de acordo con nós?

ELENA VÁZQUEZ CENDÓN PREMIO MARÍA WONENBURGER 2022